

CEPRODE e a alcaldesa de Atavillos Alto, no Perú, aplicarán no país andino as experiencias aprendidas en Galicia

- **Coñeceron novos sistemas de rego, as actividades das asociacións de mulleres e o apoio da administración local ás industrias, o turismo ou as bibliotecas**
- **Visitaron os Concellos de Burela, Riotorto, Manzaneda, Trives, A Coruña, Fene, A Guarda, Santiago e Baiona, e mais a Deputación de Pontevedra e a Xunta de Galicia**

Santiago de Compostela, 28 de maio de 2010. O representante do Centro de Promoción do Desenvolvemento e a Educación (CEPRODE) de Perú e mais a alcaldesa de Atavillos Alto anunciaron esta mañá en Santiago de Compostela que aplicarán no país andino as experiencias que ao longo desta semana tiveron a oportunidade de coñecer en Galicia. Convidados polo Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, o director financeiro de CEPRODE, Óscar Pedro Almendáriz, e mais a alcaldesa do municipio rural andino, Rosario Huamán, conclúen hoxe o percorrido por diferentes Concellos e Deputacións integradas na asociación municipalista galega, que cofinancia distintos proxectos a prol dun desenvolvemento sustentable na provincia de Huaral.

A delegación peruana relatou na apertura da Asemblea xeral de socios do Fondo Galego, celebrada esta mañá en Compostela, o enriquecedora que está a resultar esta visita a Galicia. “En Burela capacitaron en actividades de pesca as persoas peruanas e de Riotorto levo unha tecnoloxía de rego que nos permitirá sementar en época de chuvia”, sinalou Rosario Huamán entre as experiencias ás que lle tirará proveito nas comunidades andinas. “En Manzaneda encontramos un alcalde novo comprometido co seu pobo, que apoia industrias como a leiteira, algo que tamén debemos fomentar alá”. “Despois fomos a Trives, onde tiñan bibliotecas para nenas e nenos, persoas adultas e maiores, cada unha coas súas ambientacións e actividades, e tamén unha asociación de mulleres onde se integran donas de todas as idades, con programas para o tempo de lecer”, apuntou a lideresa peruana.

“Na Coruña, comprobamos como o Concello presta atención ás persoas que o precisan e en Fene atopei un municipio moi ordenado, onde dixitalizaron todos os arquivos e dan prioridade ás persoas con discapacidade para acceder a un emprego”, engadiu a alcaldesa de Atavillos Alto. Do mesmo xeito, comentou a recepción de onte na Deputación de Pontevedra, unha provincia “onde as amas de casa están asociadas en diferentes organizacións e están a lograr

que se recoñezan os seus dereitos”. A delegación peruana, sempre acompañada polos representantes do Fondo Galego de Cooperación, pasou tamén pola Guarda, onde se amosaron sorprendidos polo xeito en que a administración local incentiva o turismo. Tras a visita desta mañá en Compostela, onde tamén aproveitaron para agradecerlle en persoa a colaboración da Xunta de Galicia á subdirectora xeral de Cooperación Exterior, Pilar Romero, pola tarde pecharán este intenso percorrido por Galicia no Concello de Baiona.

O director financeiro de CEPRODE, pola súa banda, destacou hoxe ante a Asemblea que o labor desta ONG consiste en “promover o desenvolvemento integral e sustentable en harmonía coas necesidades e intereses das comunidades”, á vez que “promover a educación por medio do desenvolvemento de valores e capacidades humanas a fin de combater a extrema pobreza”, uns obxectivos nos que cobra cada vez máis forza o enfoque de xénero. Para acadar estas metas contan co apoio do Fondo Galego, unha colaboración que Almendáriz definiu como “intelixente, técnica e aberta”. “Levo 40 anos traballando en cooperación con distintos países e esta entidade é a única que fai un acompañamento permanente dos proxectos”, salientou.

Desenvolvemento sustentable

O presidente do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, Alfredo Novoa, reafirmou o compromiso con Perú, que “necesita axuda internacional, non soamente reforzo económico senón tamén estrutura e descentralización”. Insistiu na idea de que “o pobo galego é solidario, pero as administracións non están dando a talla”, aínda que “dende o Fondo se intenta aglutinar esforzos e que os Concellos e Deputacións acheguen o seu gran de area para conseguir unhas partidas orzamentarias que nos permitan desenvolver proxectos tanto na zona de Latinoamérica coma na da África Subsahariana”.

A estadia dos representantes de CEPRODE en Galicia encádrase no programa ‘Visitas ao Norte’ que o Fondo Galego leva a cabo entre as súas actividades de sensibilización. Trátase dun exercicio de transparencia para que as administracións socias e a súa cidadanía poidan coñecer de primeira man o traballo que se leva a cabo cos seus recursos nos países do SUR. Ao mesmo tempo, favorécese o intercambio de ideas entre profesionais e activistas das dúas beiras do Atlántico.

O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade ten dende o seu nacemento en 1997 unha estreita relación co Perú. A entidade apoiou no país ata 23 proxectos financiados ou cofinanciados, nalgún caso co apoio da Xunta de Galicia, e implementados por ONGDs

galegas e peruanas, que supuxeron un investimento total da asociación municipalista galega superior ao medio millón de euros.

O Fondo Galego

O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade é unha rede que actualmente engloba a 96 Concellos e ás catro Deputacións de Galicia. Foi fundado en 1997 como un foro a través do que consensuar e concentrar os esforzos dos poderes locais galegos no eido da cooperación ao desenvolvemento. Trátase deste modo de garantir unha xestión profesional e transparente, así como a realización de proxectos ambiciosos que teñan un verdadeiro impacto nos países do Sur e facilitar unha meirande sensibilización da sociedade galega a prol da solidariedade internacional.

Desde a súa fundación, a asociación ten desenvolvido 125 proxectos en máis de 20 países, e organizado e editado multitude de actividades e materiais en relación aos desequilibrios existentes entre os países do Norte e do Sur. Ten garantido a presenza da solidariedade do pobo galego nas catástrofes que afectan a aqueles países do mundo con menor capacidade para as afrontar, con proxectos de reconstrución (como os casos de Sri Lanka, despois do maremoto de 2004, Cuba, despois dos furacáns de 2008 ou Gaza, despois dos bombardeamentos israelitas de finais de 2008 e primeiros de 2009). Na actualidade mantén aberta unha conta de emerxencia para a reconstrución do Haití.

SERVIZO DE COMUNICACIÓN
Carmen Novas 616 145 077
comunicacion@fondogalego.org